



CONCELLO DE
OLEIROS

ECONOMÍA E FACENDA

ORDENANZA FISCAL Número 27, REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS

Artigo 1º.- Natureza e fundamento

En uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, establece a Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, que rexerase pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da presente Taxa a realización da actividade municipal, técnica ou administrativa, que se refira, afecte ou beneficie de modo particular ó suxeito; necesaria para a prestación dos servizos urbanísticos expresados no artigo 6º.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da Taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, as herdanzas yacentes, comunidades de bens e demais entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten as prestacións a que se refire a presente Ordenanza.

Son suxeitos pasivos en relación aos feitos impositivos contemplados nos apartados I, J e K do artigo 6º os promotores de desenvolvementos urbanísticos que presenten os instrumentos de planeamento, de xestión urbanística, proxectos de urbanización, proxectos de obras ordinarias de urbanización, etc, para a súa tramitación. A modo de exemplo considéranse promotores urbanísticos as comisións xestoras de desenvolvementos urbanísticos, as xuntas de compensación, as asociacións administrativas de cooperación, etc.

Artigo 4º.-Responsables

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas as que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.



CONCELLO DE
OLEIROS

ECONOMÍA E FACENDA

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Devengo

A presente Taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo urbanístico, coa incoación do oportuno expediente, a solicitude do interesado.

Artigo 6º.- Cota tributaria

A cota tributaria que procede aboar polas taxas correspondentes a cada un dos servizos urbanísticos determinaranse mediante a aplicación das seguintes tarifas:

Epígrafe A) Tramitación de autorizacións de usos: 45,84 €

Epígrafe B) Tramitación de licencias de reserva de espazo e placa de vao: 56,70 €

Epígrafe C) Tramitación de licenzas de apertura de piscinas de uso colectivo: 41,01 €

Epígrafe D) Tramitación de autorizacións autonómicas, previas á licenza urbanística: 115,80 €

Epígrafe E) Tramitación de licenzas de instalación de tanques de G.L.P.:

- De 2.400 litros: 55,48 €

- Correspondentes a colectividades: 174,92 €

Epígrafe F) Tramitación de licenzas de apertura de garaxes correspondentes a edificios plurifamiliares: 174,92 €

Epígrafe G) Emisión de certificados/informes de non existencia de infracción por división de fincas con base a escrituras de antigüidade superior a 10 anos: 32,57 €

Epígrafe H): Emisión de certificados/informes de non existencia de infracción por construcións e comprobación da antigüidade segundo as fotografías aéreas obrantes en poder desta Administración: 15,68 €.

Epígrafe I).- Pola tramitación de instrumentos de planeamento (plan parcial, plan especial, estudo de detalle, etc.) a iniciativa particular:

I.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,5236 €/m².

I.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,0860 €/m².

I.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,4128 €/m².



CONCELLO DE
OLEIROS

ECONOMÍA E FACENDA

Epígrafe J).- Pola tramitación de instrumentos de xestión urbanística (normalización de fincas, proxectos de reparcelación, sistema de compensación, proxectos de ocupación directa, proxectos de expropiación, etc.), a iniciativa particular:

J.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,6059 €/m².

J.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,0995 €/m².

J.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,4777 €/m².

Epígrafe K).- Pola tramitación de instrumentos de execución urbanística (proxectos de urbanización, proxectos de obra ordinaria de urbanización, etc.) a iniciativa particular:

K.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,4426 €/m².

K.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,0726 €/m².

K.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,3489 €/m².

Artigo 7º.- Exencións e bonificacións

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas da aplicación dos Tratados Internacionais.

Artigo 8º.- Normas de xestión

As Taxas pola prestación de servizos urbanísticos esixíranse en réxime de autoliquidación.

Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación nos impresos habilitados ó efecto pola Administración municipal e realizar o seu ingreso en calquera entidade colaboradora.

As solicitudes recibidas polos condutos a que fai referencia a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderán dárseles curso sen que se enmende a deficiencia, con este fin requirirase ao interesado para que, nun prazo de 10 días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido devandito prazo sen efectualo, teranse os escritos por no presentados e será arquivada a solicitude.

No suposto de arquivo da solicitude a que se refire o Epígrafe D) do artigo 6º.- Cota tributaria, tramitado ao amparo do artigo 6, parágrafo 3 da Ordenanza reguladora do procedemento para solicitar licenzas de edificación e uso do solo, o solicitante terá dereito á devolución dun 80% do importe das taxas previamente ingresadas.



CONCELLO DE
OLEIROS

ECONOMÍA E FACENDA

A desestimación das solicitudes de aprobación dos documentos presentados a que se refiren os apartados I, J e K do artigo 6º comportará a finalización da prestación do servizo urbanístico. A presentación dun novo documento para a súa tramitación producirá un novo feito impoñible, un novo devengo e pago da taxa correspondente. A tramitación de modificacións de documentos xa aprobados estará suxeito ao pago da taxa.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo a infraccións e as súas distintas cualificacións, así como nas sancións que as mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas da Lei Xeral Tributaria e do Regulamento Xeral do Réxime sancionador tributario.

Disposición final.-A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

Dilixencia.- Faise constar que a presente Ordenanza foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 14 de marzo do 2005, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 138 de data 18 de xuño do 2005.

Modificacións:

Por Pleno de data 27 de outubro do 2005 modificouse o artigo 6º, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 296 de data 28 de decembro do 2005. Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificouse o artigo 6º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 285 de 12 de decembro do 2008. Por Pleno de data 27 de novembro do 2008 incorporouse un novo parágrafo no artigo 8º, publicándose o texto deste parágrafo no BOP nº 32 de 9 de febreiro do 2009, e entrando en vigor aos 15 días da publicación. Por Pleno de data 29 de setembro do 2011, modificouse o artigo 6º da Ordenanza, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011. Por Pleno de data 25 de setembro do 2012, modificouse o artigo 6º da Ordenanza, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 241 de data 19 de decembro do 2012. . Por Pleno de data 31 de outubro do 2013, modificouse o artigo 6º da Ordenanza, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 3 de data 7 de xaneiro do 2014. Por Pleno de data 26 de outubro do 2017, modificouse o artigo 6º da Ordenanza, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 246 de data 29 de decembro do 2017. Por Pleno de data 26 de setembro do 2017, modificouse o artigo 6º da Ordenanza, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 235 de data 11 de decembro do 2019. Por Pleno de data 30 de setembro do 2021, modificáronse os artigos 3º, 6º



CONCELLO DE
OLEIROS

ECONOMÍA E FACENDA

e 8º da Ordenanza, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 237 de data 15 de decembro do 2021.